



INFORMACIÓN XERAL PARA CUBRIR A MATRÍCULA:

• NUMERO DE CRÉDITOS

- Mínimo: 30 ECTS - Máximo: 75 ECTS

• DISCIPLINAS DE MATRICULACIÓN OBRIGATORIA:

- Disciplinas de **formación básica** (todas as que aparezcan en cada curso)
- Tódalas **disciplinas pendentes**
- Nas especialidades de:

| ESPECIALIDADE | DISCIPLINAS DE MATRICULACIÓN OBRIGATORIA |
|-----------------------------|--|
| Interpretación | -Instrumento |
| Composición | -Composición |
| Pedagogía | -Instrumento Principal |
| Musicoloxía-Etnomusicoloxía | -Músicas de Tradición Oral |
| Musicoloxía-Histórica | -Historia da Interpretación Musical |
| Producción e Xestión | -Planificación e Deseño de Proxectos Culturais -Producción Aplicada á Industria Musical |

• RECOÑECEMENTO CRÉDITOS OPTATIVAS POR ACTIVIDADES ARTÍSTICAS

- O alumnado de 3º e 4º poderá recoñecer ata 6 ECTS de disciplinas optativas por participación en actividades artísticas. Será necesario presentar un Certificado asinado polo Presidente da agrupación no que consten expresamente as horas realizadas e o período de tempo de pertenza a mesma.

DOCUMENTACIÓN OBRIGATORIA A PRESENTAR PARA TODO O ALUMNADO

1) Impreso de matrícula: (cos datos cubertos en letra maiúscula) Se ten que poñer no impreso un círculo nas cuadrículas das disciplinas nas que se matricule

2) Resgardo de pago de prezos públicos: (agás no caso do alumnado que presente a copia do resgardo da bolsa de estudos ou teña dereito a exención total de pagamento). O alumnado que se acolla a exención ou bonificación de pago de prezos públicos terá que aportar a documentación que acredite o dereito. Se o pago se fai telemático e obrigatorio procesar o-**MODELO 730**.

3) Resgardo de pagamento do seguro escolar: OBRIGATORIO PARA TODO O ALUMNADO MENOR DE 28 ANOS. É necesario presentar o resgardo de ingreso na conta 2080.5075.15.3040031502 de entidade Abanca do importe de 1,12 € correspondentes ao seguro escolar .

4) Impreso de autorización de uso de imaxe: Importante: marcar cun os cadrados de autorización (no seu caso) e asinar o documento.

Estas instrucións teñen carácter informativo e, aos efectos de facilitar a formalización da matrícula. A normativa de referencia: Decreto 89/2013, do 13 de xuño Decreto 163/2015, do 29 de outubro, Decreto 171/2016, do 24 de novembro; Orde do 21 de novembro de 2016 da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Circular 10/2014, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa



5) Impreso de solicitude de mantemento ou cambio de profesorado. OBRIGATORIO PARA TODO O ALUMNADO DE 2º, 3º E 4º CURSO

* (obrigatorio soamente para o alumnado de novo ingreso): - Unha foto tamaño carné co nome e apelidos ao dorso. Se pode enviar escaneada ao enderezo administración@csmvigo.com, o nome do ficheiro ten que ser: apelidos, nome do alumno/a)

OUTROS IMPRESOS/DOCUMENTACIÓN

- **6) Impreso de disciplinas-créditos cursadas en mobilidade Erasmus** (obrigatorio soamente para o alumnado que vaia a realizar unha mobilidade Erasmus+)

- **7) Impreso de solicitude de recoñecemento de créditos ECTS e a súa correspondente documentación xustificativa** (soamente no caso de solicitar recoñecemento de disciplinas ou créditos ECTS). Esta solicitude e a correspondente documentación se ten que presentar xunto coa matrícula para poder ser tramitada.). É obrigatorio o pagamento da taxa de recoñecemento (1€ x crédito solicitado)

- **8) Impreso de solicitude de incorporación de disciplinas-créditos ECTS comúns, superados noutra especialidade:** (soamente para o alumnado que ten disciplinas comúns superadas noutra especialidade das ensinanzas artísticas superiores LOE).

- **9) Impreso de solicitude de incorporación ao expediente de disciplinas-créditos recoñecidos pola Secretaría Xeral.** (soamente o alumnado que ten disciplinas-créditos recoñecidos en cursos anteriores e aínda non os ten incorporados ao expediente.

- **10) Impreso de solicitude de admisión como alumnado en prácticas (Pedagogía).** (soamente o alumnado da especialidade de Pedagogía que se matricule nesta disciplina)

- **11) Impreso de Autorización da tramitación de matrícula** (soamente no caso de que a matriculación a realice unha persoa distinta do interesado(a).

- **12) Ampliación de matrícula**

- **13) Autorización de matrícula a menores de idade.**

As solicitudes sobre calquera outra cuestión se teñen que presentar co impreso: INSTANCIA

**TODOS OS IMPRESOS SE PODEN DESCARGAR DA PÁXINA WEB DO CENTRO na pestana de:
ADMINISTRACIÓN: MATRÍCULA**

*Estas instrucións teñen carácter informativo e, aos efectos de facilitar a formalización da matrícula.
A normativa de referencia: Decreto 89/2013, do 13 de xuño Decreto 163/2015, do 29 de outubro, Decreto 171/2016, do 24 de novembro; Orde do 21 de novembro de 2016 da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Circular 10/2014, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa*